

ACTA INICIAL

Proceso selectivo: contratación temporal de 5 auxiliares de policía local.

No "Pavillón Polideportivo Municipal" de Rianxo, ás 10:20 horas, do día 7 de abril de 2016, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación temporal de 5 auxiliares de policía local segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 108/2016 do día 21/03/2016 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 127/2016, do 05/04/2016, coa seguinte composición:

Presidente: José Francisco Ordóñez Frieiro, policía local (C1)

Vogal: Ramón Raúl Frieiro Romero, policía local (C1)

Vogal: José Gey Pérez, policía local (C1)

Secretaria: María José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Asesor: Ramón Villanustre Ordóñez, técnico de deportes municipal (III)

O presidente constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 22/03/2016 publícase nun dos diarios de maior difusión da Comarca, no sitio web e na Sede electrónica municipal a convocatoria do dito proceso de contratación de persoal.

Segundo: o día 05/04/2016 aprobouse a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e a data de celebración das probas.

Unha vez que acceden ao recinto as persoas aspirantes, indícaselles como se vai desenvolver a proba. Preséntanse 27 aspirantes das 32 persoas admitidas. Quedan excluídas do proceso as catro persoas non presentadas.

Despois disto, iniciase a primeira proba física (Potencia tren inferior. Salto vertical), pola orde indicada na listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas: comprobación da identidade, da estatura, medición da posición de partida, realización de salto e medición da posición acadada nel.

Remata a proba ás 11:10 horas e co seguinte resultado: superan esta proba 26 das 27 persoas aspirantes e queda excluída a aspirante Tamara Pardavila Sieira por non superar a proba.

Ao remate emprázanse ás persoas que superaron a proba para que se presenten ás 11:30 horas no Campo de Fútbol de Vilas (Asados) para realizar a segunda proba física (Resistencia xeral. Carreira de 1.000 metros lisos).

Unha vez no Campo de Fútbol, explícaselles aos aspirantes que a proba se realizará en quendas de sete persoas e seguindo a mesma orde que na proba anterior, así como as características desta, punto de inicio, ...

Iníciase a proba ás 11:50 horas e remata ás 12:25 horas e o resultado e que superan a proba as 26 persoas aspirantes que a realizan.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 12:30 horas do 07/04/2016, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.